

15 MARZO



FOLGA ESTUDANTIL EUROPEA

CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

**¡O medio ambiente
é moito máis importante
cós beneficios empresariais!**

A loita contra a destrución do planeta converteuse nunha cuestión de supervivencia vital. O último informe da ONU sobre o cambio climático estima que a humanidade ten 12 anos para evitar un desastre ambiental catastrófico. O ano pasado foi o cuarto máis cálido dende 1850 e nos próximos cinco anos prevense temperaturas récord nas grandes cidades, onde xa vive máis da metade da poboación mundial. Os océanos están perdendo osíxeno a pasos axigantados por mor do quecemento mariño. O nivel global do mar subirá máis de medio metro durante os vindeiros 80 anos, o

que provocará serios problemas a moitas cidades costeiras. Calcúlase que, en dez anos, por culpa do quecemento global, o Ártico quedará totalmente sen xeo no verán. Sen ir moi lonxe, na cidade asturiana de Xixón a contaminación multiplicouse nun 2.300% en 2018.

**O sistema capitalista condúcenos
á catástrofe ecolóxica**

Ante esta realidade, a hipocrísia dos gobernos capitalistas de todo o mundo non ten límite: convocan nu-

merosos cumios sobre o clima e aproban protocolos medioambientais que son incumpridos sistematicamente polas grandes multinacionais do petróleo, do gas, da siderurxia, das eléctricas... Milleiros de hectáreas son deforestadas cada ano na Amazonía brasileira, os océanos son esquilados de recursos pesqueiros e tratados como vertedoiros, os vertidos tóxicos da minería son algo cotián, e a contaminación que provoca a industria automobilística ou a de procesamento de alimentos chegou a un punto insostible. Porén, os gobernos consénteno como parte da lóxica implacable do capitalismo.

A responsabilidade desta destrución medioambiental é moi concreta: son as grandes empresas, e os gobernos ao seu servizo, os que poñen por diante a acumulación de beneficios en prexuízo do que sexa. Calcúlase que o 63% das emisións mundiais de CO₂ son consecuencia da actividade de 90 multinacionais; só en Europa, o 60% da contaminación é producida por 5 delas.

¿Como é posible que, nun momento no que os avances científicos permitirían garantir un mundo sostible ecoloxicamente, o cambio climático se este a agravar alarmantemente? A razón é obvia: o sistema capitalista baséase na produción para o máximo beneficio dunha minoría, aínda que iso supoña desemprego masivo, precariedade, recortes, privatización da sanidade e da educación públicas, e destruír o medio ambiente no que vivimos.

15 de marzo: folga xeral estudantil europea contra o cambio climático

Dende o pasado mes de novembro, decenas de milleiros de estudantes de Bélxica, Alemaña, Gran Bretaña, Australia e máis países están a protagonizar mobilizacións multitudinarias contra o cambio climático e os efectos catastróficos que este sistema provoca no medio ambiente.

Para este 15 de marzo lanzouse a convocatoria dunha gran folga estudantil europea para continuar a loita, e dende o Sindicato de Estudantes sumámonos activamente á mesma, chamando a todos os estudantes de institutos e universidades á folga xeral e ás manifestacións que organizaremos ás 12h en todas as cidades do Estado.

A mobilización pola supervivencia do planeta non está separada do resto de reivindicacións sociais e educativas polas que loitamos nestes anos. Temos que levantar un gran movemento internacional que una á mocidade, aos traballadores e traballadoras e a todos os sectores oprimidos para acadar un cambio real na sociedade: rematar co control asfixiante que exercen sobre a produción mundial un feixe de grandes multinacionais, e establecer a planificación da economía de xeito racional e respectuoso co medio ambiente, garantindo o pleno emprego, salarios e servizos públicos dignos, e xustiza social. Só acabando coa opresión capitalista e construíndo unha sociedade autenticamente democrática e baseada na xustiza social, unha sociedade socialista, poderemos preservar o noso marabilloso planeta e librarnos da catástrofe que nos ameaza.

Esiximos:

- Nacionalización de todas as multinacionais de produción de enerxía e combustibles (eléctricas, compañías mineiras, de petróleo e gas, empresas de produción de enerxía eólica e solar, etc.), e plan público de investimentos para establecer unha industria enerxética 100% ecolóxica e sostible. ¡Non á pobreza enerxética!
- Por unha rede de transporte público, gratuito, de calidade e ecolóxico. Plan masivo de investimentos para facer as cidades 100% sostibles.
- Nacionalización das industrias automobilísticas, aeronáuticas e navais, e transformación da súa produción para facelas viables e non contaminantes.
- Nacionalización da terra, da industria gandeira e das industrias de procesamento de alimentos. Non á explotación capitalista dos océanos. ¡Por unha alimentación sostible, ecolóxica e saudable para o conxunto da poboación!
- Empresas públicas de reciclaxe baixo o control democrático de traballadoras e traballadores. ¡Basta de facer negocio co ecoloxismo!
- Por unha produción sostible planificada democraticamente polo conxunto da clase traballadora e da mocidade. Pola transformación socialista e ecolóxica da sociedade.



¡Todas e todos á folga e as manifestacións!

12 H. NA TÚA LOCALIDADE

Consulta en www.sindicatodeestudiantes.net

